

Innovación Educativa, (33) (2023). ISSN-e: 2340-0056
<https://doi.org/10.15304/ie.33.9122>

Documentación

**Gabriel, Narciso de (2023). *Os mestres mortos daquel verán*.
Vigo, Galaxia. ISBN: 978-84-9151-969-0. 245 páxinas**

Ángel Serafín Porto Ucha^{1,a} 

¹ Profesor Ad Honorem, Universidade de Santiago de Compostela, España

 ^aangelserafin.porto@usc.es

Publicado na Colección Memoria Histórica, da Editorial Galaxia (Vigo), ao largo de dez apartados, ademais do Limiar do propio autor, que serve tamén de Introducción, o profesor Narciso de Gabriel, Catedrático de Historia da Educación na Universidade da Coruña, presenta un novo estudo, *Os mestres mortos daquel verán*, sobre a depuración e execución dos mestres e mestras durante e despois da guerra civil.

No seu aval, Narciso, ao que coñecemos dende os tempos do Grupo Galego de Historia da Educación capitaneado polo nunca esquecido Herminio Barreiro, ao que vai tamén dedicado o libro, xunto á memoria dos seus pais, os seus fillos David Ricardo e Telmo, a Claudio Rodríguez Fer, “fillo -con Herminio Barreiro- da memoria republicana” e á súa muller Helena, “cativada por Arximiro, luz dos humildes”, foi director do Departamento de Pedagogía e Didáctica (1993-2005) e decano da Facultade de Ciencias da Educación (2005-2012) da Universidade da Coruña. Este amplísimo apartado de xestión non restou tempo ao seu moi meritorio labor de investigación, polo que recibiu os premios María Barbeito, Losada Diéguez e da Crítica de Galicia por *Escolantes e escolas do ferrado* (2001), e o Concepción Arenal por *Ler e escribir en Galicia* (2006). Na actualidade, dende hai xa moitos anos, dirixe *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*. Os seus libros máis recentes son *Elisa e Marcela. Amigas e amantes* (2019), *Xosé M^a Álvarez Blázquez, mestre republicano* (2019) e *Vermellos e laicos* (2021), este último sobre a temática da depuración do maxisterio na provincia da Coruña, que complementa, a nivel galego, o traballo realizado por Raquel Vázquez Ramil e mais eu sobre a provincia de Pontevedra, xunto aos de Antón Costa e Uxía Bolaño sobre Lugo e Xosé Manuel Cid sobre Ourense.

Esta que comentamos hoxe é unha obra de síntese e de recoñecemento, tamén de recuperación da memoria, na liña doutros traballos de investigación actuais, na que o profesor Narciso de Gabriel nos ofrece, en dez capítulos, as traxectorias de doce profesionais do ensino primario aos que se arrebatou a vida da maneira máis cruel, sobre todo no caso dos mestres e mestras, nos que resulta aínda máis incomprendible, produto dunha ideoloxía que odia a intelixencia, en expresión dalgún militar de entón. Sabemos que o maxisterio foi un dos obxectivos predilectos do fascismo español, tamén, claro está, dos outros fascismos, por diferentes motivos, como moi ben apunta o autor, simplemente polo feito de seren mestres e mestras, e por tanto, persoas influentes e respectadas nas pequenas comunidades onde desenvolvían o seu acrisolado labor; por pertencer a distintas asociacións (FETE, ATEO, “Casa del Maestro” ...), por militancia política en organizacións de diversa índole, por abrir as portas da escola aos novos aires da renovación pedagóxica, tales como a Escola Nova Europea, con Freinet, Montessori, Decroly e demais, ou máis aínda da Escola Nova americana arredor do movemento liderado por John Dewey e a *progressive education*, mestres cualificados de nocivos e “disolventes”. Xerminaron así odios, rancores e traizóns (lembramos a expresión daquel tempo inmediatamente posterior á guerra civil: “Es masón el que te antecede en el escalafón”) e rivalidades; o ambiguo papel da igrexa católica, e, en fin, porque os mestres eran “la luz de los humildes”, expresión que nos remite a un traballo anterior de Narciso de Gabriel sobre un dos mestres glosados neste libro, *Arximiro Rico, luz dos humildes: vida e morte dun mestre republicano* (2002), do que o compañeiro de Gabriel nos falou afervoadamente moitas veces cando, camiño daqueles primeiros coloquios de Historia da Educación por España adiante, atravesabamos as terras de Baleira (Lugo).

Os principais protagonistas deste libro, tal como se sinala na contraportada, son dez homes e dúas mulleres. Ábrese con María Vázquez Suárez, mestra compostelá destinada en Miño, asasinada polos fascistas nunha praia deste concello o 19 de agosto de 1936, e remata con Francisco Ponzán Vidal, mestre aragonés destinado en Camelle (Camariñas), asasinado polos nazis nun bosque próximo a Toulouse o 17 de agosto de 1944. Entre

unha e outro figuran Rafael Fernández Casas, Jesús Álvaro López Brenlla, Mercedes Romero Abella, Rafael Pardo Carmona e Fernando Barcia Veiras, Manuel Rodríguez Castelao e Xosé Rodríguez Castelao (estes, curmáns do galego universal Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, tamén apuntados por nós na parte referida á Pontevedra, por morrer traxicamente afogados no bou Eva, no porto de Vigo), Arximiro Rico Trabada, Víctor Fraiz Villanueva (moi vinculado á Normal santiaguesa a través do seu tío Vicente Fraiz Andón, do que nos levamos ocupado igualmente nós en distintas publicacións) e Ramón Amadeo Figueroa Vilachá.

No Limiar, de Gabriel lembra o anticipado xa en *Vermellos e laicos*, respecto á relación dos executados despois de seren sometidos a xuízos carentes de toda lexitimidade e garantía, os asasinados directamente en 1936, os que morreron a consecuencia das malleiras e torturas sufridas, entre eles o mestre de Teo Bernardo Mato Castro, que leva tamén sido obxecto da nosa atención, por ser nado en Vinseiro (A Estrada, Pontevedra), ou o que durante moitos anos se considerou morto, Manuel López González (Atios-Valdoviño), que morreu en Estremadura en 1984. En todo caso, conforme progresen as investigacións sobre esta temática, xa moi avanzada, poderase valorar o impacto das distintas modalidades represivas no conxunto do maxisterio, e do que levamos cualificado en distintos momentos como *exilio interior*, que, en boa maneira, foi aproveitado polo propio franquismo. Xunto aos mestres e mestras galegas que desenvolvían o seu labor como funcionarios públicos ou interinos noutras provincias da xeografía española, algo moi común naquel tempo polo concurso xeral, no que están centradas maiormente estas investigacións, haberá que estar moi atentos tamén ao ensino privado, menos atendido até o momento.

Xa, para rematar, como xa nos ten acostumados noutros traballos publicados, en *Os mestres mortos daquel* verán, con seleccionadas ilustracións que acompañan a coidada narración, Narciso de Gabriel combina de forma maxistral o rigor histórico de anos de análise e consulta de documentación, de recollida de testemuñas e testemuños orais e gráficos que figuran ao final de cada capítulo, co relato humano, coidado con moita finura, onde o problema da escritura, como levamos posto de manifesto a propósito das *historias de vida* é “especialmente agudo”, mediante un traballo de “construción textual”, que, máis alá dos nomes, fainos partícipes do sufrimento vivido por aqueles e aquelas compañeiras do maxisterio, que viviron os engaiolantes anos da Segunda República e o triunfo da incultura coa quebra da guerra civil.

Estamos, en suma, ante unha obra imprescindible para os que investigan os procesos de depuración do maxisterio en España, pero útil e enriquecedora para todos, historiadores, educadores, pedagogos, mestres, estudantes e para todos os que senten curiosidade polo pasado e respecto pola nosa memoria.